



Guía Docente				
Datos Identificativos			2024/25	
Asignatura (*)	As Ciencias Sociais no Ensino Secundario		Código	652604412
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Pérez Guilarte, Yamilé		Correo electrónico	yamile.perez@udc.es
Profesorado	Pérez Guilarte, Yamilé		Correo electrónico	yamile.perez@udc.es
Web	https://pdi.udc.es/es/File/Pdi/UD45L			
Descrición xeral	Esta materia constitúe unha dimensión crave na formación docente do profesorado, xa que se centra nos procesos de ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais. Con ela preténdese dar a coñecer os contidos curriculares da materia desde unha perspectiva reflexiva e atenta aos diversos graos de concreción do currículo. Ademais, ten como obxectivo o estudo da evolución do ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais, as súas perspectivas e enfoques actuais e as súas achegas educativas para a Educación Secundaria e o Bacharelato.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer o valor formativo do ensino das Ciencias Sociais na Educación Secundaria e no Bacharelato.		AP1	BP6 CP4
		AP2	BP8 CP6
		AP11	BP14 CP7
			CP8
			CP9
Adquirir as competencias necesarias para o ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais na Educación Secundaria e no Bacharelato.		AP2	BP1 CP1
		AP8	BP2 CP3
		AP9	BP5 CP4
		AP11	BP8 CP6
		AP12	BP14 CP7
		AP14	CP8
Coñecer o currículo das ciencias sociais da Educación Secundaria e do Bacharelato. Analizar as metas educativas, a selección e organización dos contidos, as estratexias de ensino e aprendizaxe e os criterios e formas da avaliación.		AP2	BP2 CP3
		AP4	BP3 CP4
		AP5	BP4 CP6
		AP6	BP5 CP7
		AP7	BP8 CP8
		AP10	
Reflexionar sobre a evolución do ensino das Ciencias Sociais, as súas perspectivas e enfoques actuais e as súas aportacións educativas.		AP3	BP1 CP3
		AP11	BP6 CP4
		AP12	CP6
		AP13	CP7
			CP8



Adquirir competencias para transferir á práctica os coñecementos teóricos e deseñar propostas didácticas innovadoras que melloren as prácticas de ensino e aprendizaxe das ciencias sociais no contexto educativo da etapa de Educación Secundaria e o Bacharelato.	AP4	BP3	CP3
	AP5	BP4	CP4
	AP6	BP6	CP6
	AP7	BP8	CP8
	AP8		
	AP13		

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. As Ciencias Sociais no currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.	- A Didáctica das Ciencias Sociais como área de coñecemento. - Competencias do profesorado no ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais. - Ciencias Sociais, Xeografía e Historia nos currículos de ESO e Bacharelato: obxectivos, competencias, contidos e instrumentos metodolóxicos. - Selección e organización dos contidos de Ciencias Sociais e a súa relación coas ciencias referentes.
Tema 2: A evolución do ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais, perspectivas actuais e achegas educativas.	- Valor formativo do ensino das Ciencias Sociais nestes niveis educativos. - Evolución do ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais: modelos curriculares. - Perspectivas e enfoques actuais das Ciencias Sociais e as súas achegas educativas.
Tema 3. Estratexias didácticas no ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais na Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato.	- Concepcións e dificultades que presenta o alumnado en relación cos contidos sociais. - Estratexias de ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais. - Orientacións e criterios para a análise e a elaboración de materiais curriculares. A avaliación en Ciencias Sociais. As unidades didácticas en Ciencias Sociais.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A1 A2 A3 A10 B6	1	3	4
Análise de fontes documentais	A2 A5 A7 A12 A14 B14 C4	2	6	8
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A11 A12 A13 A14 B3 B4 B5 B8 B14 C3 C1 C4 C6 C7 C8	5	24	29
Presentación oral	A9 A14 B8 C3 C1 C4	2	8	10
Sesión maxistral	A9 B1 B3 B4 B5 C4 C6	14	6	20
Aprendizaxe colaborativa	A1 A7 A8 A9 A14 B1 B2 B8 C1 C9 C7	4	17	21
Atención personalizada		8	0	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Antes de iniciar os temas do programa desenvolveranse actividades que permitan coñecer os saberes previos do alumnado respecto ás ciencias sociais, as competencias, intereses e motivacións que posúen para o logro dos obxectivos finais que queremos alcanzar nesta materia



Análise de fontes documentais	Realizaranse actividades para o coñecemento de fontes documentais de ampla diversidade que acheguen información acerca de contidos e, sobre todo, recursos didácticos en relación co ensino-aprendizaxe das Ciencias Sociais.
Traballos tutelados	A aprendizaxe de metodoloxías para a súa aplicación didáctica concretarase na elaboración dun estudo ou traballo acerca dalgunha das temáticas consideradas no ámbito das ciencias sociais. O alumnado seleccionará un tema, formulará os obxectivos, realizará unha xustificación, desenvolverá a metodoloxía idónea, resolverá o tema e/ou proposta e obterá as conclusións pertinentes.
Presentación oral	Os traballos de pequeno grupo serán obxecto de exposición na aula, xa que facilitan a adquisición das destrezas explicativas fundamentais para o desenvolvemento da profesión de mestres/as.
Sesión maxistral	As explicacións teóricas referiranse ós contidos básicos que forman a estrutura de cada tema. A partir dos esquemas iniciais e co apoio de documentación específica, iranse desenvolvendo a parte teórica dos contidos conceptuais da materia mediante metodoloxía explicativa.
Aprendizaxe colaborativa	Actividades que promovan o traballo en pequenos grupos: intercambio de información, discusións, postas en común e toma de decisións.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	Os traballos terán un seguimento personalizado para garantir o cumprimento dos obxectivos e prazos así como para resolver dúbidas. O alumnado con dispensa académica realizará os traballos e tarefas de forma individual, con entregas nas datas marcadas polo docente, e terá atención personalizada no horario de tutorías, para aclarar dúbidas sobre os traballos e tamén sobre o marco teórico e práctico da materia.
Traballos tutelados	
Aprendizaxe colaborativa	
Análise de fontes documentais	
Sesión maxistral	

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A9 A14 B8 C3 C1 C4	Presentación dos traballos desenvolvidos na aula en pequenos grupos.	20
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A9 A11 A12 A13 A14 B3 B4 B5 B8 B14 C3 C1 C4 C6 C7 C8	Elaboración dun traballo en grupo acerca dalgunha das temáticas dentro do ámbito das ciencias sociais. O alumnado seleccionará un tema, formulará os obxectivos, realizará unha xustificación, desenvolverá a metodoloxía idónea, resolverá o tema e/ou proposta e obterá as conclusións pertinentes.	40
Aprendizaxe colaborativa	A1 A7 A8 A9 A14 B1 B2 B8 C1 C9 C7	Actividades que promovan o traballo en pequenos grupos: intercambio de información, discusións, postas en común, toma de decisións, comprensión do grupo como unha tarefa única.	20
Análise de fontes documentais	A2 A5 A7 A12 A14 B14 C4	Realización de análises e reflexións a partir de diversas fontes documentais.	20

Observacións avaliación



- Na avaliación terase en conta a participación e dedicación á materia, tanto na aula como nas actividades realizadas fóra da mesma.
- O alumnado que non supere a avaliación continua a partir das metodoloxías presentes na materia ou asista a menos do 80% das sesións terá que superar unha proba obxectiva na primeira ou segunda oportunidade que terá un peso do 100% da avaliación.
- Nos traballos a realizar o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da Internet ou intelixencia artificial, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento. Igualmente, será imprescindíbel a corrección lingüística á hora de dar por superados os devanditos traballos.
- Arealización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión de falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Alumnado con recoñecemento de dispensa académica

Segundo o establecido na " NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO E A PERMANENCIA E A PROGRESIÓN DOS ESTUDANTES DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (aprobada polo Consello Social do 04/05/2017):

1. Deberá poñer o recoñecemento do docente na primeira semana de clase, ou, se isto non foraposible, nun prazo non superior a 7 días desde que lle fora concedido o recoñecemento.
2. Terán que realizar, individualmente, todas as actividades/traballos propostos ao longo do curso e entregalos nas datas establecidas polo docente. Se non se cumpre a entrega na data sinalada considerarase "Non presentado".
3. A cualificación será a media ponderada das notas das actividades e traballos realizados durante o curso e da nota da proba realizada na data do calendario oficial de exames, debendo obter en cada unha das partes un aprobado (5 sobre 10) para poder superar a materia. No caso de non superar algunha das partes na primeira oportunidade, deberán repetir na segunda oportunidade as partes non aprobadas (actividades/traballos e/ou proba). Todos os aspectos relacionados con "dispensa académica", "dedicación ao estudo", "permanencia" e "fraude académica" rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

Fontes de información

Bibliografía básica	Albert M.; Fuentes, C.; Gutiérrez, J. M.; Hernández Cardona, F. X; López Facal, R.; Miralles, P.; Molina, S.; Prats, J.; Rivero, P.; Santacana, J. (2011). Geografía y la historia. Investigación, innovación y buenas prácticas. Formación del profesorado. Educación secundaria, 8, Vol. 3. Barcelona: Editorial Graó. Batllori, R. y Casas, M. (2000). El conflicto y la diferenciación. Conceptos clave en la enseñanza de las ciencias sociales. Lleida: Editorial Milenio. García Pascual, F.; González Gallego, I.; López Facal, R.; Moradiellos, E.; Prats, J.; Prieto-Puga, R.; Valls, R. (2011). Geografía e historia. Complementos de formación disciplinar. Formación del profesorado. Educación secundaria, 8, Vol. 1. Barcelona: Editorial Graó. Grupo Ínsula Barataria (Coord.) Enseñar y aprender ciencias sociales. Algunas propuestas de modelos didácticos. Madrid: Mare Nostrum Ediciones Didácticas. Hernández, A. M. (Coord.) (2019). Estrategias y recursos didácticos para la enseñanza de las Ciencias Sociales. Madrid: Ediciones Pirámide. Prats, J.; Prieto-Puga, R.; Santacana, J.; Souto, X.; Trepas, C. A. (2011). Didáctica de la geografía y la historia. Formación del profesorado. Educación secundaria, 8, Vol. 2. Barcelona: Editorial Graó.
Bibliografía complementaria	Segundo avance o curso, iranse proporcionando outras referencias máis específicas para complementar o traballo en clase.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



- Trátase dunha materia que se realizará, principalmente, cunha metodoloxía de participación activa, na que a propia dinámica do curso irá sinalando os centros de interese do alumnado e, en base a estes, iranse concretando temáticas e actividades a realizar. É por isto polo que a asistencia e participación, en todas e cada unha das actividades desenvolvidas no contexto da materia, será fundamental.- A entrega dos traballos realizarase telemáticamente, na plataforma correspondente, se non é posible, non deben empregarse plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.- Debe facerse un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural e ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos personais e profesionais.-Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...)-Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.-Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías